

"DEPOEMPRENDE NA FP" 2023-2024

"DepoEmprende na FP"



É un proxecto educativo dirixido aos centros sostidos con fondos públicos que imparten Formación Profesional de Grao Medio e Grao Superior na provincia de Pontevedra



A finalidade é promover no alumnado de FP a iniciativa emprendedora e a participación activa na vida económica, social e cultural do seu contorno, co fin de fomentar actitudes necesarias para asumir riscos e responsabilidades



O proxecto proporciona a posibilidade de transformar ideas en proxectos empresariais a través do asesoramento de profesionais especializadas e especializados



Poténciase o coñecemento e o contacto con entidades e axentes sociais; fóméntase o emprego das TIC; apóstase pola responsabilidade social, a calidade e a innovación; e mellóranse as capacidades para a autoorientación e a visión do autoemprego como unha oportunidade para o futuro

Metodoloxía



O alumnado ten unha idea empresarial relacionada preferentemente co sector da familia profesional do ciclo formativo que estuda




Durante o curso escolar lévanse a cabo obradoiros, titorías e xornadas que apoian a elaboración do proxecto empresarial e o plan de mercadotecnia



Finalmente, realízanse obradoiros para a aceleración de proxectos e organízase un acto no que o alumnado participante presenta as iniciativas empresariais elaboradas

Recursos



Formación ao profesorado, con certificación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o profesorado vinculado ao corpo de docentes do ámbito de xestión desta



Material didáctico



Xornada de motivación para o alumnado



Portal educativo para compartir contidos con outros centros participantes



Obradoiros de aceleración de proxectos




Servizo de asesoramento e titorización



Ferramentas de avaliación

Temporalización



O prazo de inscrición comezará o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e finalizará o 29 de setembro de 2023



O proxecto desenvolverase durante o curso escolar



"DepoEmprende na FP" desenvolverase durante o curso escolar e finalizará cunha xornada na que se presentarán todos os proxectos elaborados polo alumnado participante, que se realizará con anterioridade ao comezo do período da formación en centros de traballo

